

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de outubro de 2016**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez

**Invitados**

D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día dezoito de outubro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(988).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(989).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA Nº 6. EXPTE. 120763/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 14/10/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

## 8.- Proposta de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120763-301)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, da empresa EMAÚS FUNDACIÓN SOCIAL, por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo do centro integral de inclusión e emerxencia social da rúa Marqués de Valterra nº 6 (120.763-301) na seguinte orde decrecente:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	TOTAL
CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA	18,25	79,62	97,87
CLECE, SA	13	80	93,00
ATENCION SOCIAL EN EMERGENCIAS GRUPO 5	17,25	62,15	79,40
EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	7,5	32,76	40,26

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.776,42 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**3(990).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE ENTRADAS PARA OS PARTIDOS DO R.C. CELTA DE VIGO, PARA FOMENTAR OS VALORES SOCIAIS DO DEPORTE COMO ACTIVIDADE DE OCIO ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR, COLECTIVOS DE DISCAPACITADOS E PERSOAS ECONOMICAMENTE DESFAVORECIDAS, FACILITANDO O SU ACCESO AO ESTADIO DE BALAIÍDOS, TEMPADA 2016-2017. EXPTE. 15293/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/10/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP) no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2016-2017, de 30 de setembro de 2016 (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexerán o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de fútbol municipal de Balaidos durante a tempada 2016-2017, de 30 de setembro de 2016 (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En sesión de 30 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato da adquisición de 1.600 entradas por partido, cun mínimo de 20 partidos, para á Grada de Fondo do estadio de Balaídos, para presenciar os partidos que disputará o Real Club Celta de Vigo na tempada deportiva 2016-2017 da División de Honor de Fútbol; nas competicións de LIGA, UEFA e COPA de fútbol, así como de outros partidos de carácter amistoso, ata a fin da presente tempada oficial 2016-2017, para fomentar os valores sociais do deporte, entre a poboación escolar, colectivos de discapacitados e persoas economicamente desfavorecidas, facilitando o seu acceso ao Estadio de Balaidos.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Coordinador deportivo, con data de 30 de agosto de 2016.*

3º.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 09 de setembro de 2016.*

4º.- *Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de 159.680,00 euros, dos que 27.713,06€ corresponden ao IVE. O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 3410.227.99.02 "Convenios" e coa seguinte distribución anual:*

- 2016: 55.888,00 €. (iva incluído).
- 2017: 103.792,00 €. (iva incluído).

*A imputación do gasto atopase relacionada coas retencións realizadas no expediente 15294/333, en relación a convocatoria de subvencións.*

*O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de 131.966,04 euros.*

5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

6º.- *Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único."*

Segundo.- En data 7 de outubro de 2016, o servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- En data 13 de outubro de 2016, o REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, presentou a súa oferta no Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo concedido ó efecto.

Cuarto.- En data 14 de outubro de 2016, reunidos na oficina de contratación o xefe da área de Inversións, D. José Angel Otero Lamas, e a xefa do servizo de Contratación, Dña. Beatriz Barbará Rodríguez se procedeu a apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar. En primeiro lugar se cualificou a documentación administrativa, e solicitouse a subsanación da mesma.

Quinto.- En data 14 de outubro de 2016, segundo consta na acta da sesión "Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido nas cláusulas 7ª.2 e 9ª do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), se acorda a admitir a REAL CLUB CELTA DE VIGO, SAD, no presente procedemento."

A continuación se procedeu a apertura do "SOBRE B: PROPOSICIÓN TECNICA E ECONÓMICA", dándosele traslado da documentación ó servizo xestor para comprobar se a proposta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación e a procedencia ou non de adxudicar o contrato ó licitador, conforme ó disposto na cláusula 10ª do PCAP".

Quinto.- En data 14 de outubro de 2016, en informe do xefe da área de Inversións, se manifesta que "a oferta presentada polo RC Celta de Vigo, SAD., se axusta os requisitos esixidos do PCTP, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 30 de setembro de 2016, e a súa oferta económica atopase axustada os límites concretos para este contrato, establecento como prezo do contrato o importe de 159.680,00 €. sendo 27.713 a parte correspondente o ive (21%)".

Sexto.- En data 14 de outubro de 2016, o servizo de contratación comunicou ó licitador a admisión da súa oferta e iniciou a fase de negociación, concedéndolle un prazo de tres días

para a reformulación da súa oferta ou a ratificación da mesma sendo o único aspecto obxecto de negociación o prezo do contrato, segundo a cláusula 11ª do PCAP.

Sétimo.- En data 14 de outubro de 2016, D. Manuel Carlos Mourinho Atanes, en nome e representación de RC Celta de Vigo, SAD, representación que consta acreditada no expediente, se ratificou no prezo ofertado.

Oitavo.- En data 14 de outubro de 2016, á vista do actuado, de acordo co disposto na cláusula 12.1 do PCAP, se procede a formular a proposta de clasificación e adxudicación ó órgano de contratación.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Unha vez valoradas as ofertas presentadas nun procedemento de contratación conforme os criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 150 TRLCSP), o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non sexan declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ó sinalado no artigo 152.

Segundo.- Clasificadas as ofertas por orden decrecente, o órgano de contratación requirirá ó licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

No entanto, no presente caso non resulta preciso realizar este requirimento por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións acreditativas de acharse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social e neste procedemento non se esixe a constitución de garantía definitiva, a tenor do disposto na cláusula 13ª do PCAP. Así mesmo, o servizo de contratación solicitou de oficio o certificado de non ter débedas coa Administración municipal. Á vista destas circunstancias, procede realizar simultaneamente a clasificación e a adxudicación do presente contrato.

Terceiro.- O órgano de contratación ten a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación nos remitimos ó informe do xefe da área de Inversións, de data 14 de outubro de 2016, de valoración da oferta técnica e económica de RC Celta de Vigo, SAD, no que manifesta que esta se axusta ós pregos que rexen a presente licitación.

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de cláusulas administrativas particulares, as proposicións admitidas no procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de fútbol municipal de Balaídos durante a tempada 2016-2017 (expediente 15293-333) no seguinte orde decrecente:*

1. RC Celta de Vigo, SAD.

*2º.- Adxudicar a RC Celta de Vigo, SAD, o procedemento negociado sen publicidade para a adquisición de entradas para os partidos do Real Club Celta de Vigo a celebrar no Estadio de fútbol municipal de Balaídos durante a tempada 2016-2017 (expediente 15293-333) por un prezo de 159.680 € euros, sendo a cota correspondente o IVE de 27.713,06 euros.*

*Todo ilo de acordo coa oferta presentada e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente licitación”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(991).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN. FASE IV. EXPTE. 3918/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 17/10/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *8.- Propostas de clasificación*

*a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).*

Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 de outubro de 2016:

1. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. NAROM, SL
4. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. ORESA, SL
6. COPCISA, SA

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de Humanización da rúa Aragón. Fase IV (3918-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU	86,08
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	84,92
UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	84,63
CIVIS GLOBAL SLU	83,79
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S A	83,06
ELSAMEX, S A	81,68
MONTAJES J M IGLESIAS, S L	79,04
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	79,00
ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S L	76,82
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELLO, S A	68,06
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S L	20,73

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 629,38 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **5(992).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GREGORIO ESPINO. FASE II. EXPTE. 3924/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta de data 17/10/16, asinada pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

*A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 13 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:*

#### *8.- Propostas de clasificación*

*b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440)*

*Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 7 de outubro de 2016, da empresa SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, SL (por non declarar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional suficiente esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares e no apartado 8 das follas de especificacións do contrato do referido prego).*

*Segundo.- Excluir aos licitadores que deseguido se relacionan do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, consonte os informes do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos do 6 e 10 de outubro de 2016*

1. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
4. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
5. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
6. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
7. NAROM, SL
8. CIVIS GLOBAL, SLU
9. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
10. COPCISA, SA
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS SAU



Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) na seguinte orde descendente:

Empresas	Puntuación
MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL	84,62
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, SA	82,51
NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU - UTE CONSTRUCCIONES RAMIREZ	82,24
CONSTRUCCIONES VALE, SL	80,16
ELSAMEX, SA	78,15
ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	77,59
GEOXA, GENERAL DE CONSTRUCCIONES, SL	21,88

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J.M. IGLESIAS, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 640,20 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(993).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE FINAL DE OBRA DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA” EXPTE. 3470/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11/10/16, dáse conta do informe-proposta do 26/07/16, asinado polo responsable do contrato, o asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle ao Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procedese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas á execución da obra:

#### 1.- Trámites do expediente:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Expediente 2390/443, por acordo da XGL en sesión do 10/07/2015
--	--

Orden de inicio do expediente de contratación	Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 10/09/2015
Aprobación expediente de contratación	Expediente 3468/440. Aprobado pola XGL en sesión do 22/10/2015. Importe de licitación de 211.000,00 €.
Aplicación Orzamentaria Proxecto	1532.619.00.02
Adxudicación	Por acordo da XGL en sesión do 30/12/2015 a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., por un prezo de 181.249,00 euros (IVE engadido).
Prazo de execución	5 meses
Garantía:	120 + 12= 132 meses
Sinatura do contrato	30/12/15
Dirección facultativa	A XGL do 15/01/2016, acordou nomear a D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Julio Carrasco Rodríguez. Expte: 3166/443.
Coordinación de Seg e Saúde.	A XGL do 08/02/2016, acordou o nomear a D. Gustavo Martínez Rodríguez (APPLUS NORCONTROL, S.L.U.) Expediente: 3171/443.
Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado pola XGL en sesión de 19/02/2016, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo co informe favorable de data 15/02/2016 asinado por D. Gustavo Martínez Rodríguez, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 3178/443.
Anexo nº 1 ao Plan de Seguridade e Saúde	Aprobado polo XGL en sesión de 27/05/2016, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo co informe favorable de data 12/05/2016 asinado por D. Gustavo Martínez Rodríguez, como coordinador de seguridade e saúde. Expte: 3245/443.
Plan de Residuos	Aprobado pola XGL en sesión do 19/02/2016, de acordo co documento presentado por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e co informe favorable de data 15/02/2016 asinado por D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Julio Carrasco Rodríguez, como directores facultativos. Expte: 3178/443.

## 2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución é de 5 meses.

Acta de comprobación do Replanteo	Acta asinada con data 15/01/2016.
Acta de suspensión temporal	Período de suspensión comprendido dende o 16 de xaneiro ata o 23 de febreiro, data que se asina o Anexo da Acta de Comprobación de Replanteo
Data de inicio das obras	15/01/16
Data de finalización das obras	04/07/16

## 3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
08/03/16	Certificación nº 1. Por execución de obra. (IVE	4.470,24 €

Data	Nº certificación	importe
	engadido):	
08/04/16	Certificación nº 2. Por execución de obra. (IVE engadido):	53.487,52 €
05/05/16	Certificación nº 3. Por execución de obra. (IVE engadido):	58.692,58 €
09/06/16	Certificación nº 4. Por execución de obra. (IVE engadido):	63.210,44 €

#### 4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación ao "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá á obra correspondente á execución da "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA".

b.- Consta declaración responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar ao corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados á execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións dos directores facultativos das obras.

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra, (anexado no CD do documento final de obra).

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ós directores facultativos, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ao control de

calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 15/01/2016, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato (data do contrato 30/12/2015).

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

- Programa de traballo. (Aprobado en XGL en data 18/03/2016)
- Plan de calidade. (Aprobado en XGL en data 18/03/2016)
- Plan de seguridade e saúde. (Aprobado en XGL en data 19/02/2016)
- Plan de residuos. (Aprobado en XGL en data 19/02/2016)

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo.

h.- En relación ao despexe final das obras, infórmase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

i.- Consta no expediente as declaracións responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar ao corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

j.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

#### 5.- Recepción das obras:

As obras finalizaron dentro do prazo máximo establecido e con data 4 de xullo de 2016 asínase acta de recepción definitiva da obra relativa ao proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA". Determínase a data do 7 de xullo de 2016 para a realización da medición xeral.

De acordo ao contido da acta de recepción, en relación á determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 7 de xullo de 2016, procédese á realización de dita medición xeral das obras coa participación dos Directores Facultativos da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado e asinada por D. Álvaro

Crespo Casal, como responsable do contrato, D. Jerónimo Centrón Castaños e D. Julio Carrasco Rodríguez, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Miguel Caruncho Campanario como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade ao resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta é entregada ao Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procédese na data de 11 de xullo de 2016 a emitir a certificación final da obra, de acordo ao contido da medición xeral realizada. Dita certificación final é asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

#### 6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente ao presente expediente de acordo ao contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo ao contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 132 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 4/07/2016, correspondente á data de recepción asinada polas partes, rematará o 4/07/2027. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

#### 7.- Competencia para a aprobación:

De conformidade co previsto no artigo 235.1 do TRLCSP a competencia para a aprobación da certificación final de obra correspóndelle ao órgano de contratación, que de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma, é a Xunta de Goberno Local ao ser Vigo un municipio de “gran poboación”.

Por isto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a certificación -nº 5- de final de obra do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”, de data 11 de xullo de 2016, por un importe de 1.388,22 €, resultado de aplicar á medición xeral da obra efectuada con data 7 de xullo de 2016, os prezos unitarios incluídos no seu presuposto, coa baixa ofertada polo contratista e unha vez deducidos os importes das certificacións a conta xa aboadas, co seguinte detalle:

Presuposto de execución material:	146.537,95 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	145.415,59 €
Total execución material da presente certificación	1.122,36 €
Gastos xerais (13%)	145,91 €
Beneficio industrial (6%)	67,34 €
Total:	1.335,61 €
Baixa adxudicación (14,100000000%)	227,87 €
IVE (21%)	280,47 €

Presuposto líquido global contractual	1.388,22 €
---------------------------------------	------------

Esta certificación será aboada con cargo á aplicación orzamentaria 1532.619.00.02.

Segundo.- Quedar enterada do inicio do prazo de garantía da obra “HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA”, que de acordo co contrato asinado en data 30/12/2015 se corresponde con 132 meses, os cales terán efecto a partir da data de 4/07/2016, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 4/07/2027. Polo cal o Responsable do Contrato dentro dos quince (15) días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e, se fora favorable, se deberá proceder á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta (60) días.

Da liquidación do contrato deberá darse conta, polo responsable do contrato, á Xunta de Goberno Local, salvo que existiran obrigas pendentes; en cuxo caso o seu abono deberá ser aprobado polo dito Órgano.

Terceiro.- Do presente acordo deberase dar conta ao Contratista para o seu coñecemento e presentación da correspondente factura polo importe da certificación final de obra aprobada no punto primeiro anterior.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Isaura Abelairas Rodríguez.